



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE. XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO. SERVIZO DE APOIO AO EMPREGO, EMPRENDEMENTO E ECONOMÍA SOCIAL

Anuncio

Resolución sobre corrección de erros no calendario laboral do ano 2024 para a Provincia de Lugo

O DECRETO 112/2023, do 29 de xuño, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2024, recolle no artigo 2 o seguinte:

"Conforme o disposto no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores, no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e no artigo 1.11 do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, tamén serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, propostas polo órgano municipal competente dos respectivos concellos, cuxa publicación no boletín oficial de cada unha das provincias da comunidade autónoma será determinada pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. As ditas festas locais publicaranse, así mesmo, no Diario Oficial de Galicia".

- Á vista do que antecede, o día 29 de setembro de 2023 esta Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ditou resolución pola que se daba publicidade aos festivos da Provincia de Lugo.
- O día 25 de xaneiro de 2024 recibíuse comunicación do Concello de O Páramo remitindo unha resolución de Alcaldía pola que se modifican as datas remitidas no seu momento.

Á vista do anterior, esta Xefatura Territorial **RESOLVE**:

- Corrixir os festivos locais de O Páramo de xeito que queden fixadas as seguintes datas:
 - **13 de febreiro de 2024** - Martes de Entroido
 - **7 de xuño de 2024** - Festas a primavera
- Publicar o anuncio da corrección de erros no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

En Lugo, 26 de xaneiro de 2024.- A xefa do Servizo de Coordinación Administrativa e Xestión Económica, (por ausencia de Xefe/a Territorial en virtude do decreto 123/2022, de 23 de Xunio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia), Patricia Dans Grela.

R. 0253

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE RRHH E ASISTENCIA AOS CONCELLOS

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DO 26 DE XANEIRO DE 2024 NO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA CONXUNTA (COTA XERAL E COTA RESERVA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE) E BASES ESPECÍFICAS PARA AMPLIAR A LISTAXE DE EMPREGO DE AUXILIAR DE SALA, PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA REDE MUSEÍSTICA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada en data 26 de xaneiro de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"Vistos os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal para prestar servizos temporais na Deputación Provincial de Lugo, regulados polas resolucións da presidencia das seguintes datas: 29.09.2009 (BOP núm. 231, do 08.10.2009); 16.12.2011 (BOP núm. 294, do 26.12.2011) e 14.02.2019 (BOP núm. 039, do 15.02.2019).

Constatando que a entidade ten necesidade de ampliar a vixente listaxe de Auxiliar de Sala, para poder atender as necesidades dos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos deste tipo funcional, cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30 de xuño de 2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), **ACORDE:**

1º Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a ampliación da listaxe de auxiliar de sala de emprego temporal de **Auxiliar de Sala (unha da cota xeral e outra da cota de reserva a persoas con discapacidade)**, grupo C – subgrupo C2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

2º Que as persoas candidatas so podan participar nunha das dúas modalidades. No suposto da listaxe da cota de reserva a persoas con discapacidade esta acumularase á listaxe da cota xeral pola súa orde de puntuación, resultado unha única listaxe do proceso selectivo.

3º Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020 (BOP núm. 079, do 6 de abril de 2020), corrección de erros aprobado na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 (BOP núm. 161, do 15 de xullo de 2020).

4º. Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a ampliación da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

5º Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

6º Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e nos lugares determinados na base xeral 3.

7º Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación a proposta presentada e anteriormente transcrita."

Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte o da publicación deste acordo no BOP ou ben recurso contencioso administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte o da citada publicación, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

BASES ESPECÍFICAS PARA A AMPLIACIÓN DA LISTAXE PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN PRAZAS/POSTOS/EMPREGOS DE AUXILIAR DE SALA, COTA XERAL E COTA DE RESERVA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE, GRUPO C - SUBGRUPO C2.

1. OBXECTO DAS BASES ESPECÍFICAS

O obxecto das presentes bases específicas é complementar as Bases Xerais polas que se establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade), aprobadas na Xunta de Goberno de 13 de marzo de 2020 (BOP núm. 079, do 6 de abril de 2020), corrección de erros aprobado na Xunta de Goberno de 10 de xullo de 2020 (BOP núm. 161, do 15 de xullo de 2020).

2. CARACTERÍSTICAS DA PRAZA/POSTO/EMPREGO DA LISTAXE QUE SE CONVOCA

DENOMINACIÓN	COTA	GRUPO	SUBGRUPO	ADSCRICIÓN	RETRIBUCIÓN
AUXILIAR DE SALA	COTA XERAL E COTA DE RESERVA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE	C	C2	Á Rede Museística Provincial da Deputación de Lugo ou as distintas unidades administrativas que requiran das ditas funcións especializadas unha vez motivada a preceptiva necesidade urxente e inaprazable da incorporación.	As correspondentes á praza e ao posto de nivel de entrada.

3. COMETIDO FUNCIONAL

En canto ao contido funcional da praza/posto/emprego que se convoca será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo ou, se é o caso, na disposición que a substitúa.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou polo/a correspondente superior/a xerárquico/a.

4. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR AS PERSOAS ASPIRANTES PARA SER ADMITIDAS AO PROCESO SELECTIVO - Complemento da base xeral 4.

Titulación Académica – complemento da base xeral 4.c).

As persoas aspirantes deberán estar en posesión da seguinte titulación académica, de acordo co artigo 76 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

Graduado/a en Educación Secundaria Obligatoria (ESO) ou equivalente.
--

5. NIVEL DE GALEGO ESIXIDO: Celga 4

6. SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN (Complemento da base xeral 5)

As persoas aspirantes con discapacidade igual ou superior ao 33%, só poderán presentar unha solicitude de participación, indicando a cota pola que desexan participar e se solicitan adaptación das probas (base xeral 8.1.4.6).

7. ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES (Complemento da base xeral 6)

Realizarase unha listaxe de persoas admitidas e excluídas por cada unha das quendas. De non figurar na solicitude de participación a cota pola que desexan participar, incluíranse por defecto na cota xeral.

8. SISTEMA SELECTIVO (Complemento da base xeral 8)

Dentro da fase de oposición, a orde de realización das probas será determinada polo Tribunal.

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións a cada un dos exercicios no prazo de tres (3) días hábiles seguintes á publicación dos resultados na web corporativa da Deputación de Lugo - (apartado Emprego Público - RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade. Resoltas as alegacións, no suposto de estimarse, deberán publicarse as oportunas correccións na web corporativa da Deputación de Lugo (apartado Emprego Público - RRHH) e no taboleiro de anuncios da entidade.

De non presentarse alegacións, ou no suposto de presentarse non estimarse, as puntuacións provisionais consideraranse definitivas sen necesidade de nova publicación.

9. CUALIFICACIÓN FINAL, ORDE DA LISTAXE E PROPOSTA DO TRIBUNAL (Complemento da base xeral 9 e 10)

Finalizado o procedemento selectivo, o Tribunal elaborará e propondrá unha única listaxe de persoas aspirantes, por orde de puntuación, indicando a cota pola que participan.

10. INCORPORACIÓN DE EFECTIVOS (Complemento da base xeral 12)

Ao existir unha listaxe única, os chamamentos para cubrir incorporacións, realizaranse pola orde de puntuación, independentemente da cota pola que participan.

Cando xurda a necesidade de incorporación de efectivos vinculados a prazas reservadas a persoas con discapacidade, os chamamentos realizaranse pola orde de puntuación unicamente a aquelas persoas aspirantes que participaron por dita cota.

11. PROGRAMA

A) MATERIAS COMÚNS

1.- A Constitución Española. Principios xerais. A provincia como entidade local. A Deputación de Lugo: as súas competencias e organización.

2.- O persoal ao servizo da Administración Local. Clases. Dereitos e deberes dos/as empregados/as públicos/as.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS

1.- A Rede Museística da Deputación de Lugo. Historia dos museos que a integran e das coleccións que albergan. Peculiaridades de cada un dos catros museos e estratexias de mediación e intercomunicación coas respectivas contornas, nas canles presencial, electrónica e telefónica.

2.- A Rede Museística da Deputación de Lugo como referente da Museoloxía Social. Os Museos inclusivos e sociais. Pautas para a atención a visitantes individuais ou a colectivos con dificultades cognitivas e de exclusión social.

3.- O/a auxiliar de sala como dinamizador/a e mediador/a cultural: A atención e información ás persoas visitantes individuais e en grupo nas canles presencial, electrónica e telefónica. As visitas guiadas/mediadas a grupos e colectivos en xeral. Visitas guiadas adaptadas para persoas con discapacidade. O/a auxiliar de sala como axente de apoio na seguridade e na conservación preventiva nos museos e outras colaboracións. A vixilancia activa das salas/museos. Control de acceso, apertura e peche dos museos.

4.- A historia e contidos das coleccións de Belas Artes dos catro museos da Rede Museística Provincial, dende museoloxía social. Estratexias e actividades de mediación con diferentes tipos de visitantes, contornas e contextos (online e presencial).

5.- A historia e contidos das coleccións de Etnografía dos catro museos da Rede Museística Provincial, dende museoloxía social. Estratexias e actividades de mediación con diferentes tipos de visitantes, contornas e contextos (online e presencial).

6.- A historia e contidos das coleccións de Artes Decorativas dos museos da Rede Museística Provincial, dende museoloxía social. Estratexias e actividades de mediación con diferentes tipos de visitantes, contornas e contextos (online e presencial).

7.- A historia e contidos das coleccións de Arqueoloxía dos museos da Rede Museística Provincial, dende museoloxía social. Estratexias e actividades de mediación con diferentes tipos de visitantes, contornas e contextos (online e presencial).

8.- Elaboración de accións e actividades didácticas. Vinculación comunidade, museo e territorio nos catro museos da Rede Museística Provincial.

Lugo, 30 de xaneiro de 2024.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0275

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 25/01/2023, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de Decembro da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 25/03/2024. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia

de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 25 de Xaneiro de 2024.- O alcalde-presidente, Manuel Martínez Núñez.

R. 0254

MURAS

Anuncio

BASES DE SELECCIÓN PARA CONTRATACIÓN DE 2 PEÓNS FORESTAIS COMO FUNCIONARIO INTERINO POR PROGRAMA CON CARGO AO PLAN ÚNICO DA DEPUTACIÓN DE LUGO 2023, reforzo do emprego

1ª.- Obxecto da convocatoria

É obxecto da presente convocatoria, a contratación mediante concurso-oposición, de 2 peóns forestais como funcionarios/as interino/as por programa, Escala Administración especial, subescala servizos especiais, peón forestal grupo E.

2ª.- Características das prazas

O cometido funcional destes postos de traballo consistirá na realización das tarefas propias de peón forestal que lle sexan encomendadas polo persoal responsable dos servizos municipais correspondentes do Concello de Muras e, en concreto, de conformidade cas necesidades de contratación para satisfacer os servizos a financiar ao abeiro do PLAN UNICO 2023, REFORZO DO EMPREGO, incluído no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023, o Concello vai realizar a contratación de persoal para o desenvolvemento das seguintes actuacións e servizos, todos eles incluídos dentro do marco das competencias propias do concello, de acordo co disposto ao respecto no art. 25 LBRL:

- Traballos en materia de medio ambiente urbano, en particular, parques e xardíns públicos.
- Traballos en materia de mantemento e conservación de infraestrutura viaria e outros equipamentos de titularidade municipal.
- Traballos en materia de protección da salubridade pública.

- 2 prazas peón forestal: peón conductor con posesión carnet conducir tipo C

a) Denominación da praza: peón forestal.

b) Grupo de titulación: GRUPO E

c) OUTRAS CARACTERISTICAS

- Posesión carnet de conducir tipo C
- Duración do contrato: 5 meses desde a toma de posesión.

3ª.- Sistema de provisión.

Concurso-oposición, quenda libre.

4ª.- Requisitos dos solicitantes.

Para participar nas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir todas e cada unha das seguintes condicións:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo ao disposto no artigo 52 a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal exercicio da función. As persoas con algunha minusvalía deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de minusválido e a súa compatibilidade acreditaráanse con certificación da Delegación Provincial de Sanidade e Servizos Sociais.
- d) Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou Administración Local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

f) Os nacionais dos demais estados membro da Unión Europea ou os daqueles que teñan subscrito Tratados referentes á libre circulación coa Unión Europea ratificados por España, deberán acreditar de modo fidedigno non estar sometido a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu estado o acceso á función pública.

g) Pagar a taxa polo dereito de examen por importe de 6,00€ (excepto desempregados, previa xustificación), na seguinte conta do Concello, especificando no ingreso o nome e apelidos do participante, así como a praza á que aspira. CAIXA RURAL: ES71-3070-0021-7763-0726-2821

h) Deberase acreditar o coñecemento do idioma galego coa presentación dos cursos de formación CELGA 1 ou a súa validación. No caso de non atoparse este requisito, deberán realizar unha proba de coñecemento do idioma.

i) Titulación necesaria: sen titulación

j) Posesión carnet de conducir tipo C

A situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa.

5ª.- Solicitudes.

As solicitudes para tomar parte nesta convocatoria deberán formularse en instancia dirixida ó Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Muras no rexistro xeral do Concello de Muras, a través da sede electrónica do Concello de Muras <https://muras.sedelectronica.gal> ou na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de cinco días hábiles, contados desde o seguinte ao do anuncio da convocatoria no BOP de Lugo.

O horario de presentación no rexistro do Concello é de luns a venres de 8:00 a 14:00 horas.

Nas solicitudes farase constar:

- Manifestación de que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base terceira.
- Comprometerse, para o caso de resultar contratado, a respecta-los dereitos das persoas con estrita observancia da Constitución e da Lei.
- Currículum de méritos que se posúan e documentación xustificativa dos mesmos, co obxecto de valora-la súa aptitude para o desempeño do posto de traballo.

Tamén se presentará a documentación acreditativa dos méritos que se pretende sexan valorados e que figuran na base 7. A documentación a presentar será orixinal e aportarase de tal xeito que poida ser valorada convenientemente polo Tribunal Cualificador

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde-Presidente dictará resolución, no prazo de cinco días, que se publicará na sede electrónica do Concello, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando un prazo improrrogable de 10 días hábiles seguintes á publicación de dita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos, nos termos do artigo 68.1 da LPACAP. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

Transcorrido o prazo de enmenda de defectos, o Alcalde-Presidente declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará na sede electrónica do Concello. Na dita resolución fixarase o lugar, data e realización das probas e establecerase a composición do Tribunal cualificador.

6ª.- Tribunal cualificador.

O tribunal cualificador estará constituído por un Presidente, tres Vogais e un secretario que serán designados polo Alcalde-Presidente. O secretario será o da Corporación.

Designaranse suplentes, que en substitución dos titulares, integrarán o Tribunal.

Tódolos membros do Tribunal deberán ter titulación igual ou superior ao esixido para o posto convocado e a súa composición tenderá a ser paritaria ente homes e mulleres.

Os membros do Tribunas deberán absterse de intervir cando concorran neles, circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, así mesmo, poderán ser recusados polos aspirantes cando concorran causas previstas no artigo 24 da dita Lei.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar senón conta coa asistencia de mais da metade dos seus membros titulares ou suplentes, indistintamente; en todo caso requírese a presenza de Presidente e Secretario, na súa ausencia o Presidente será substituído polo vocal de maior idade e o Secretario polo vocal de menor idade.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para as probas en que o estimen necesario. Ditos asesores actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas.

O Tribunal terá a categoría correspondente ó establecido no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, percibindo os seus membros e asesores pola asistencia ás sesións as contías establecidas en dito Real Decreto.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros asistentes, as dúbidas e incidencias que se produzan na aplicación das presentes bases e no desenvolvemento do procedemento de selección, así como adoptar as medidas necesarias ao efecto.

7º.- Selección de aspirantes.

A hora e lugar de inicio das probas será publicada na sede electrónica do Concello de Muras. Os anuncios relativos ao desenvolvemento de probas, data, hora e resultados posteriores publicaranse na sede electrónica do Concello.

Poderase realizar no mesmo día máis dunha proba da fase de oposición.

A selección de aspirantes realizarase nas seguintes fases:

7.1 Primeira fase, oposición.

Para poder realizar o exercicio da oposición os aspirantes deberán vir provistos dun documento identificativo da persoa (DNI ou semellante), e bolígrafo de cor azul. O procedemento selectivo consistirá na realización dos seguintes exercicios:

a) Contestación escrita a un test proposto polo tribunal sobre o programa do Anexo da convocatoria. O tempo máximo de realización será de 1 hora e a puntuación máxima será de 20 puntos, sendo eliminados os aspirantes que non acaden unha puntuación mínima de 10 puntos. O total de preguntas a formular, con tres respostas alternativas, das que unha delas será a correcta, será de 20. Cada pregunta acertada puntuarase con 1 punto. As respostas incorrectas ou non contestadas non restarán puntos.

b) Realización dun caso práctico proposto polo Tribunal relacionada cos traballos a realizar, que constara de un ou varios exercicios prácticos nos que se avaliará o coñecemento e experiencia no desempeño do posto de traballo, entre 0 e 20 puntos. Será necesario acadar un mínimo de 10 puntos.

7.2 Segunda fase, concurso.

A fase de concurso non terá carácter eliminatorio. Os méritos aos que se fai referencia neste apartado deberán posuírse á data de valoración dos mesmos polo Tribunal cualificador, computándose ata a dita data. Non se valorará ningún mérito que non estea presentado correctamente na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

O Tribunal puntuará os méritos acreditados polos aspirantes, conforme ao sinalado no presente baremo:

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL: (ata un máximo de 5 puntos):

- Por servizos prestados en postos de idénticas ou similares características noutra Administración Pública: 0,10 puntos por cada mes completo de servizo. Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

- Por servizos prestados en postos de idénticas ou similares características no sector privado: 0,10 puntos por cada mes completo de servizo. Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

No caso de servizos por conta allea, deberán presentarse obrigatoriamente os seguintes documentos: Informe de vida laboral e copia do/s contrato/s de traballos.

Estes documentos poden substituírse por un certificado de servizos expedido pola administración ou empresa privada, no que quede acreditado de forma clara e expresa, a ocupación, grupo de cotización, período traballado e número de horas da xornada laboral. No caso de autónomos, acreditarán a experiencia mediante o informe de vida laboral, así como o xustificante de alta no IAE, contrato de arrendamento de servizos, declaración responsable ou calquera outro documento que acredite de forma clara e expresa a natureza da actividade realizada e o tempo de duración da mesma.

B) FORMACIÓN:(ata un máximo de 5 puntos):

Por cursos impartidos pola Administración Pública do Estado, Autonómica, Universitaria ou Local, relacionados directamente co posto de traballo a desenvolver co seguinte baremo:

- De 40 a 100 horas: 0,30 puntos.

- De 20 a 39 horas: 0,25 puntos.

- De 15 a 20 horas: 0,20 puntos.

- De 5 a 10 horas: 0,15 puntos.

Acreditarase mediante copia do título ou certificado oficial acreditativo dos mesmos. Non se valorarán aqueles cursos que non teñan establecidas claramente as horas nin os que teñan máis de 15 anos de antigüidade

Non se puntuarán méritos que non se xustifiquen coa documentación expresada.

7.3 Exercicio común e obrigatorio par tódolos candidatos que non acrediten o coñecemento do galego no nivel Celga 1 ou equivalente (curso de iniciación de galego, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do

16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG nº 146, de 30 de xullo de 2007).

Os candidatos que se atopen na circunstancia anterior deberán realizar un exame consistente en traducir un texto sen dicionario, elixido libremente polo tribunal. Esta proba terá unha duración de 20 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, o tribunal decidirá o nivel preciso para acadar o resultado de apto.

7.4 Cualificación final.

A cualificación final dos aspirantes será a suma das puntuacións obtidas na totalidade do proceso, publicándose o resultado por orde de maior a menor puntuación. O Tribunal propondrá o nomeamento ao órgano correspondente dos aspirantes que acaden a maior puntuación.

Determinarase tamén unha lista de espera, por orde decrecente de puntuación, cos aspirantes que, tendo superado o proceso, non acaden suficiente puntuación para seren propostos. Esta lista de espera, elabórase aos efectos de cubrir posibles vacantes que se produzan ou ausencias por disfrute de licencias regulamentarias, necesidades do servizo, así como se se producira a baixa ou renuncia dos seleccionados. A publicación das listas realizarase na sede electrónica do Concello. O rexeitamento na chamada provocará que o aspirante pase ao final da lista. En caso de empate, actuarase do seguinte xeito:

1º- maior puntuación na fase de oposición.

2ª- maior puntuación na fase de concurso.

3ª de persistir o empate, o mesmo resolverase mediante un sorteo.

A proposta de contratación non poderá incluír máis persoas que prazas convocadas.

8º.- Presentación de documentos e formalización de contrato.

Con carácter previo a formalización do contrato os aspirantes seleccionados deberán xustificar adecuadamente no prazo máximo de tres días naturais contados a partir da publicación da resolución da convocatoria, que reúnen todos e cada un dos requisitos e condicións esixidas, a tal efecto, de non tela feito con anterioridade, deberán presenta-la seguinte documentación.

- Fotocopia do D.N.I.
- Declaración xurada de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade.
- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas do posto de traballo que se convoca, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.

A non presentación da referida documentación implica a perda dos dereitos adquiridos facultando á Alcaldía-Presidencia para formalizar contrato co aspirante seguinte da lista final establecida polo Tribunal.

Logo de formalizada a proposta do Tribunal e achegada a documentación polos aspirantes propostos, a Alcaldía ditará resolución de nomeamento dos aspirantes propostos e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo dentro do prazo de tres días.

9º.- Bolsa de traballo

Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación dos aspirantes admitidos e presentados no procedemento selectivo (excluídos os seleccionados) e pola orde decrecente de puntuación obtida no mesmo, co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan ou as ausencias por disfrute de licencias regulamentarias, necesidades do servizo, etc., ou as baixas ou renuncia dos seleccionados. A orde de chamamento dos aspirantes será pola orde de puntuación obtida e terá carácter rotatorio.

10º.-Protección de Datos de Carácter Persoal

O responsable do tratamento é o Concello de Muras, que tratará os datos persoais coa finalidade de xestionar o proceso selectivo correspondente, de acordo coa normativa vixente e as bases da convocatoria. A lexitimidade do tratamento baséase no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos. De acordo co artigo 6.1 c) do RGPD, o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ó responsable do tratamento, así como para o cumprimento dunha misión realizada en interese público (artigo 6.1 e), segundo as competencias atribuídas pola Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, así como pola normativa que regula o emprego público.

Os datos persoais serán conservados mentres poidan derivarse responsabilidades e durante os prazos de prescrición de reclamacións e/ou recursos.

Os datos persoais non serán comunicados a terceiros, salvo obriga legal ou por razón de interese público. Non obstante, serán publicados de acordo co establecido nas bases da convocatoria, segundo os principios de

publicidade e transparencia recoñecidos na lexislación reguladora do acceso ó emprego público, tendo en conta o disposto pola normativa de Protección de Datos.

Non se realizarán transferencias internacionais de datos. Pódense exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación, cando procedan, ante o Concello de Muras, en Praza da Galeguidade, 4, 27836 Muras, Lugo, Lugo, ou a través da Sede Electrónica: <https://muras.sedelectronica.gal/>

11º.- Abstención e recusación.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

12º.- Recursos.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

TEMARIO.

I parte. Xeral

Tema 1. A Constitución Española de 1978. Principios Xerais.

Tema 2. Persoal ao servizo da Entidade Local. Dereitos e deberes do persoal laboral ao servizo dos entes locais.

Tema 3. Xeneralidades dos órganos de goberno do Concello. O Alcalde, O Pleno e a Xunta de Goberno Local.

Tema 4. Servizos e dependencias municipais do Concello de Muras. Localización e funcións que nelas se desenvolven.

Tema 5. Xeografía de Muras. Situación. División por parroquias. Poboación.

II Parte. Específica

Tema 6. A Lei 31/1995, de Prevención de Riscos Laborais: Obxecto e ámbito de aplicación. Nocións básicas de Seguridade e Hixiene no traballo.

Tema 7 Concello de Muras: encadre territorial, poboación, parroquias, e aldeas, vías de titularidade municipal, autonómica e provincial.

Tema 8. Procesos de traballo dun peón: ferramentas, equipos, materiais e medios auxiliares.

Tema 9.- Reparación de camiños e baches en pistas: materiais e ferramentas a empregar.

ANEXO: Modelo de declaración xurada.

D./Dona

DNI

Enderezo

Municipio

Teléfono

Mail

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Primeiro: que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente.

Segundo: que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de selección de persoal para o posto de peón forestal do Concello de Muras, asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade.

En Muras, a de de 2024.

(Asinado polo/a interesado/a)

Solicitud de admisión ao proceso selectivo funcionario interino por programa: peón forestal con cargo ao PLAN UNICO 2023, reforzo do emprego.

D./Dona:

DNI:

Enderezo:

Municipio:

Teléfono:

Mail:

Praza (marcar con X a que proceda)

-- 1 praza peón forestal: peón conductor con posesión carnet conducir tipo C

- 1 praza de peón forestal: peón con coñecementos en mecánica automóvil

EXPÓN:

1. Que tendo coñecemento da convocatoria feita polo Concello de Muras para a selección dun/ha funcionario/a interino/a por programa: peón forestal con cargo ao Plan Unico 2023, reforzo do emprego, acepta as bases da convocatoria que declara coñecer.

2. Declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base terceira da convocatoria.

3. Que se compromete, para ó caso de resultar contratado/a, a respeta-los dereitos das persoas con estrita observancia da Constitución e da Lei.

4. Que achega coa presente instancia a seguinte documentación:

- Copia do DNI ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- Declaración xurada segundo o Anexo adxunto.
- Relación de méritos e documentación xustificativa dos mesmos para valoracións na fase de concurso.
- Copia da documentación acreditativa do coñecemento da lingua galega segundo o establecido na base terceira (de selo caso).

.....
.....

Por todo exposto,

SOLICITA:

Que se teña por presentada a presente instancia e sexa admitido/a no proceso selectivo convocado.

Muras, a de de 2024

(Asinado polo/a interesado/a)

Muras, 25 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0255

OUTEIRO DE REI

Anuncio

Sométese a información público por prazo dun (1) mes o seguinte acordo:

EXPEDIENTE PARA A APROBACIÓN DA DISOLUCIÓN DA AGRUPACIÓN VOLUNTARIA DOS CONCELLOS DE OUTEIRO DE REI E CASTRO DE REI PARA O SOSTENEMENTO EN COMÚN DA PRAZA DE INTERVENCIÓN.APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE

Os Concello de Outeiro de Rei e Castro de Rei, ambos limítrofes e da provincia de Lugo acordaron según Decreto 222/1991 de 20 de xuño polo que se aproba a agrupación dos Concellos de Castro de Rey, Cospeito e Outeiro de Rei, da provincia de Lugo, a agrupación voluntaria para o sostenemento en común da praza de Interventor.

En 2006 aceptouse a separación do Concello de Cospeito e reordenar a agrupación de municipios de Castro de Rei e Outeiro de Rei para o sostenemento en común do posto de Intervención e modificar os Estatutos da agrupación.

Transcorridos mais de 22 anos dende esa agrupación voluntaria de concellos para o sostenemento en común da praza de Intervención, as situación socioeconómicas de ambos concellos mudaron.

Con base no anterior os Concellos de Outeiro de Rei en sesión plenaria de 28 de decembro de 2023 e o Concello de Castro de Rei en sesión plenaria de 19 de xaneiro de 2024 aprobaron inicialmente:

1º.-Aprobar a disolución da agrupación voluntaria dos Concello de Outeiro de Rei e Castro de Rei para o sostenemento en común dos posto único de Intervención.

2º.- Clasificar os postos reservados a funcionarios/as de Administración local con habilitación de carácter nacional resultantes da disolución, nos seguintes termos:

- Concello de Outeiro de Rei
- Posto: Intervención
- Subescala: Intervención categoría de Entrada.
- Forma de provisión: concurso
- Concello de Castro de Rei
- Posto: Intervención
- Subescala: Intervención categoría de Entrada
- Forma de provisión: concurso

3º.- Adscribir a María Isabel Pernas Sánchez, titular do posto de Intervención da agrupación dos Concello de Outeiro de Rei e de Castro de Rei, da provincia de Lugo, ao novo posto de Intervención do Concello de Outeiro de Rei.

4º.- Aprobado inicialmente o expediente, debe de ser sometido a información pública durante un mes e solicitarse informe á Delegación do Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia e da Diputación Provincial, que deben de ser emitidos no prazo dun mes dende a súa solicitude. De non ser emitidos en prazo, entenderanse favorables.

5º.- Logo da información pública e a solicitude e emisión de informes, acordarase a desagrupación definitivamente en sesión plenaria de cada Concello con remisión posterior do expediente á Consellería competente en materia de réxime local.

Con respecto ó Concello de Outeiro de Rei, este acordo supón igualmente modificar o horario de traballo do posto de Intervención pasando de ser horario compartido con Castro de Rei a horario ordinario, xornada continua, o que conleva a adecuación retributiva do posto.

Outeiro de Rei, 25 de xaneiro de 2024.- O alcalde, José Pardo Lombao.

R. 0256

A PONTENOVA

Anuncio

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional de 30 de novembro de 2023 da Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO LEGAL.

De conformidade co disposto no Artigo 15 e 59 punto 2 do R. D. Legislativo 2/ 2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello da Pontenova establece o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, que se esixirá conforme ao disposto nesta Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2º.- NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE.

O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto, o seu feito imponible está constituído pola realización dentro do termo municipal de calquera construción, instalación e obra, para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obténdose ou non a devandita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a súa expedición corresponda ao Concello da imposición.

ARTIGO 3º.- SUXEITOS PASIVOS

1. Son suxeitos pasivos deste Imposto a título de contribuíntes: As persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refire o Artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan propietarios da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible en que esta se realiza. A efectos do disposto no apartado a) teñen a consideración de propietarios da construción, instalación ou obra quen soporte o custo que comporte a súa realización.

2. No suposto de que as obras non fosen feitas polo suxeito pasivo, teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, quen solicite as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións u obras. Os substitutos dos contribuíntes poderán repercutir a cota tributaria satisfeita.

3.- Os obrigados tributarios que non residan en España terán que nomear un representante con domicilio en territorio español e comunicalo ao Concello no momento de solicitar a respectiva licenza de obra ou urbanística ou antes do inicio da construción, instalación ou obra.

ARTIGO 4º.- BASE IMPOÑIBLE

1. A base imponible do Imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, entendendo por tal, o custo de execución material. Non forman parte da base imponible do imposto, de acordo co establecido no Artigo 102 punto 1 do R.D. legislativo 2/ 2004 de 5 de marzo os seguintes custos:

- a) Imposto sobre o Valor Engadido
- b) As taxas, prezos públicos e outras prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra.
- c) Os honorarios profesionais.
- d) Os gastos xerais contemplados no Artigo 131.1 letra a) do Regulamento xeral da lei de Contratos das administracións públicas
- e) O beneficio industrial do contratista.

2. O imposto acredítase no momento de iniciarse a construción, a instalación ou obra, aínda que non se dispoña da preceptiva licenza.

ARTIGO 5º.- EXENCIONES

Estará exenta de pago do imposto, de acordo co establecido no Artigo 100 punto 1 do RD. Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, a realización de calquera construción, instalación ou obra propiedade do Estado, da Comunidade Autónoma ou das Entidades Locais que están suxeitas ao imposto e sempre e cando as ditas obras sexan directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, obras hidráulicas, saneamento de poboacións, e das augas residuais, aínda que a xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos e tanto si se trata de obras de inversión como de conservación.

ARTIGO 6º.-COTA TRIBUTARIA

1. A cota tributaria será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame do 3,1 %.

2. En ningún caso, a cota tributaria pode resultar inferior ás cotas mínimas seguintes que serán aplicables, en calquera caso, cando as derivadas da aplicación do tipo determinado no punto 1 deste Artigo sexa inferior ás cotas mínimas.

Obras de carácter maior	150,00 €
Obras menores	60,00 €

Para establecer o carácter maior ou menor das construcións, instalacións ou obras se estará ao disposto no art. 14 do Regulamento de Disciplina Urbanística (Decreto 28/1999 do 21 de Xaneiro)

ARTIGO 7º.- DEVENGO

O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda que non se obtivera a correspondente licenza.

ARTIGO 8º.- XESTIÓN

I. Autoliquidación e liquidación provisional.

a) Autoliquidación. No caso das comunicación previas de obras, o imposto esixirase polo sistema de autoliquidación, mediante impreso que facilitará o Concello. O interesado deberá presentar xunto coa declaración responsable ou comunicación previa, e demais documentos que requira o Servizo de Urbanismo, o xustificante do pago do imposto.

A autoliquidación terá o carácter de provisional.

b) Liquidación provisional. Cando se conceda a licenza preceptiva, ou cando non solicitándose se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta

c) Determinación da base imponible.

Nas autoliquidacións e/o liquidacións provisionais de obras maiores determinarase a base imponible en función dos seguintes datos:

a) Orzamento presentado polos interesados, sempre que o mesmo non sexa inferior ao calculado aplicando os criterios e valoracións contidas no anexo á presente ordenanza.

II. Liquidación definitiva.

Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custo real e efectivo, o Concello mediante comprobación administrativa modificará no seu caso a base imponible, practicando a liquidación definitiva e esixindo ou reintegrando ao suxeito pasivo a cantidade que corresponda.

A liquidación definitiva será notificada en forma legal con indicación do lugar, prazo e forma de pago, así como dos recursos procedentes, órganos de interposición e prazos dos mesmos.

ARTIGO 9º.- ACTUACIÓN INSPECTORAS E RÉXIME SANCIONADOR

1.- A vista das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custo real efectivo das mesmas, o Concello mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

2.- A inspección e recadación do imposto realizarase conforme ao previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así coma nas disposicións ditas para o seu desenvolvemento.

4.- Nos casos de incumprimento das obrigas establecidas na presente Ordenanza, segundo o previsto no artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase o réxime de infraccións e sancións regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

As disposicións desta ordenanza que, reproduzan aspectos da lexislación vixente e normas legais de aplicación e aqueles que fagan remisión a preceptos legais, entenderanse automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos mesmos.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA

A presente ordenanza fiscal derroga expresamente á vixente ata o momento da súa entrada en vigor, en concreto á Ordenanza fiscal Reguladora do Imposto sobre construción, instalacións e obras do Concello da Pontenova, publicada no B.O.P. de Lugo número 40, de data 18 de febreiro de 2004.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

1.- As solicitudes de licenzas de obras, comunicacións previas ou declaracións responsables rexistradas de entrada no Concello con anterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza, rexeranse integramente polas disposicións da ordenanza fiscal anterior, salvo aqueles aspectos da presente ordenanza cuxa aplicación aos interesados poida resultar máis beneficiosa para os mesmos.

2.- As licenzas de obras concedidas, comunicación previas ou declaracións responsables que foran obxecto da liquidación provisional do imposto no momento da entrada en vigor da presente ordenanza fiscal, rexeranse polas disposicións da anterior ordenanza fiscal en todo o relativo á liquidación definitiva do imposto, xestión tributaria e réxime sancionador, salvo aqueles aspectos da presente ordenanza cuxa aplicación aos interesados poida resultar máis beneficiosa para os mesmos.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

A modificación da ordenanza fiscal no referente a cota tributaria e a xestión, aprobada polo Pleno do Concello na sesión celebrada o 30 de novembro do 2023, entrará en vigor e será de aplicación o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, continuando en vigor e de aplicación o restante articulado da ordenanza, ata a súa modificación ou derogación expresa.

No que non estea expresamente previsto na modificación da presente ordenanza, rexerán os preceptos contidos na redacción anterior da mesma, así como os preceptos contidos na lexislación reguladora das facendas locais (Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo) e nas demais leis do estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede na Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

A Pontenova, 26 de xaneiro de 2024.- Alcalde-Presidente, Darío Campos Conde.

R. 0257

Anuncio

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional de 30 de novembro de 2023 da Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola realización de actividades administrativas con motivo da apertura de establecementos cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS CON MOTIVO DA APERTURA DE ESTABLECEMENTOS**Artigo 1.- Natureza e fundamento.**

En uso das facultades conferidas nos artigos 33.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e segundo o disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e artigo 33.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, este Concello establece a Taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas e declaracións responsables e no outorgamento de licenzas de apertura de establecementos, de conformidade co previsto nos artigos 20.4.i) e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 2.- Feito imponible.

1.- Constitúe o feito imponible da Taxa as actuacións municipais desenvolvidas con motivo da apertura de establecementos para verificación de que os mesmos reúnen as condicións requiridas polas Ordenanzas municipais, lexislación urbanística e sectorial de aplicación. Ditas actuacións municipais realizaranse con carácter previo á tramitación das licenzas de actividade e posteriormente no caso de presentación de comunicacións previas e declaracións responsables.

2.- Están suxeitas a esta taxa todos os supostos nos que resulte obrigatoria a solicitude e obtención de licenza ou, no seu caso, a presentación de declaración responsable de inicio de actividade ou comunicación previa de cambio de titularidade e, entre outros, os seguintes:

A primeira instalación dun establecemento ou actividade comercial, industrial ou de servizos.

Os traslados de locais

- a) Os cambios de actividade desenvolva nos locais, aínda que continúe o mesmo titular ou a ampliación das actividades exercidas no establecemento.
- b) Os trasposos, transmisións, cesións, cambios de forma societaria, unións e fusións de empresas e cambios de denominación social.
- c) Reforma de establecementos con licenzas de apertura, sen cambio de uso.
- d) Reapertura de establecemento ou local, por reiniciar a mesma o titular que obtivo licenza no seu día, se a licenza non caducase.
- e) A presentación de declaración responsable previa á posta en funcionamento da actividade que a precise de acordo co disposto na Ordenanza Municipal reguladora de apertura de establecementos.
- f) A posta en coñecemento da administración de calquera modificación dunha actividade que xa realizou a preceptiva declaración responsable.

3.- Aos efectos desta taxa entenderase por establecemento toda edificación, instalación ou recinto cuberto ou ao aire libre, estea ou non aberto ao público, ou como complemento ou accesorio doutro establecemento ou actividade principal, destinado, habitual ou temporalmente, ao exercicio de actividades económicas por conta propia.

Artigo 3.- Suxeitos pasivos e responsables

1.- Son suxeitos pasivos, a efectos de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, no seu caso, que de feito se desenvolva

2.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os parágrafos a) e b) do artigo 42.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

3.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 4.- Base imponible.

1.- Constitúe a base imponible da taxa os metros cadrados do establecemento que se ocupa coa actividade.

2.- A cota tributaria determinarase multiplicando a superficie do local, en metros cadrados polas tarifas previstas na ordenanza.

Artigo 5.- Tarifas.

1.- As tarifas aplicaranse por unha soa vez e veñen determinadas atendendo ao procedemento de intervención administrativa que se siga en relación coa actividade que se pretenda exercer en cada establecemento.

2.- As cotas de tarifa xeral para cada tipo de procedemento son:

Tipo de procedemento	<u>Tarifa</u>
TARIFA 1.- Actividades suxeitas ao trámite de incidencia, efecto ou impacto ambiental de acordo co establecido na Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia e no Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.	4 €/m ² útil
TARIFA 2.- Actividades sometidas a licenza municipal de acordo co establecido na Lei 17/2009, de 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e os seu exercicio, na normativa de espectáculos públicos ou en calquera outra normativa de carácter xeral ou sectorial.	3 €/m ² útil
TARIFA 2.- Actividades e establecementos sometidos ao réxime de declaración responsable.	3 €/m ² útil
TARIFA 4.- Modificacións substanciais das actividades sometidas a licenza municipal ou declaración responsable.	2 €/m ² útil
TARIFA 5.- Modificacións non substanciais das actividades sometidas a licenza municipal ou declaración responsable	1 €/m ² útil
TARIFA 6.- Actuacións suxeitas ao réxime de comunicación previa de cambio de titularidade de licenza de apertura	40% da tarifa 1

TARIFA 7.- Actuacións suxeitas ao réxime de comunicación previa de cambio de titularidade de actividade suxeita ao réxime de declaración responsable	25 % da tarifa correspondente
--	-------------------------------

3.- Incrementarase a cota en relación ao tipo de control esixido de acordo coa seguinte táboa:

Concepto	Incremento
Control sobre ruídos e vibracións	Custo para o Concello
Control sobre vertidos á rede municipal ou a fosa séptica particular	Custo para o Concello
Calquera outro informe que sexa preceptivo	Custo para o Concello

Artigo 6.- Exencións e bonificacións.

De conformidade co disposto no artigo 9 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, non se recoñece ningún beneficio tributario, coa salvedade dos que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou veñan en normas con rango de lei.

Artigo 7.-Devengo.

1.- Devéngase a taxa e nace a correspondente obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impositivo. A estes efectos, entenderase iniciada dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude de licenza de apertura, declaración responsable ou comunicación previa ou cando se leve a cabo a actuación inspectora nos casos de regularización de actividades que se estean desenvolvendo sen a correspondente licenza ou declaración responsable.

2.- A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada en ningún xeito pola clausura da actividade, suspensión temporal daquela, desestímulo ou renuncia.

Non obstante, se antes de ditarse a correspondente resolución que poña fin ao procedemento de obtención de licenza ou antes de iniciarse o procedemento de inspección, comprobación e control se produce a desistencia da solicitude, por escrito, a cota tributaria reducirase ao 50 %.

Artigo 7.- Normas de xestión.

1.-Ao tempo de solicitar a correspondente licenza ou presentar a declaración responsable ou comunicación previa, os interesados procederán a efectuar a correspondente autoliquidación no modelo determinado pola Administración Municipal e a ingresar o seu importe na conta habilitada ao efecto, agás que sexa preciso a realización de obras de construción ou de acondicionamento, que terán o mesmo réxime de xestión que a taxa polo outorgamento de licenzas urbanísticas. Finalizada a actividade municipal practicarase, se procede, a liquidación definitiva correspondente, que será notificada ao suxeito pasivo.

2.- Cando se proceda á apertura do establecemento sen ter aboado a taxa, e a infracción se descubra mediante denuncia ou investigación, a débeda tributaria será liquidada polo Departamento Económico do Concello.

3.- As autoliquidacións presentadas polo contribuínte, aos efectos desta Ordenanza, están sometidas a comprobación administrativa.

4.- A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada en modo algún pola concesión ou non da licenza ou polo resultado da comprobación técnica nas declaracións responsables.

Artigo 8.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como a determinación de sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven.

Disposición adicional única. Modelos de documentos.

Facúltase ao Sr. Alcalde para a aprobación e modificación de cantos modelos normalizados de documentos requira o desenvolvemento desta Ordenanza.

Disposición derogatoria.

A presente Ordenanza derroga calquera outra anterior sobre a materia existente neste Concello, dende o momento da efectiva aplicación da presente Ordenanza, en concreto a Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola realización de actividades administrativas con motivo da apertura de establecementos publicada no BOP de Lugo número 107 de data 10 de maio de 2013.

Disposición final. Entrada en vigor

Esta Ordenanza fis cal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse ese mesmo día, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 19 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede na Coruña, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

A Pontenova, 26 de xaneiro de 2024.- Alcalde-Presidente, Darío Campos Conde.

R. 0258

RÁBADE

Anuncio

Pola Academia Galega de Seguridade remitiuse ao Concello proposta de nomeamento como funcionario en prácticas do Concello de Rábade, categoría de vixilante municipal, quenda de acceso libre. Segundo a devandita comunicación, de conformidade coas bases da convocatoria o 25 de xaneiro actual o Director Xeral da Academia convocou ás persoas aspirantes ao acto de elección da praza, que tivo lugar o 29 de xaneiro. Como resultando do acto, a persoa proposta para ocupar a praza foi D. Miguel Pérez Purriños. Axuntouse informe da Xefa do Servizo de Coordinación, Planificación e Selección, na que se dí que, cumpre cos requisitos para o seu nomeamento como persoal funcionario en prácticas na categoría de Vixilante Municipal, escala básica do Corpo de Policía Local do Concello de Rábade, segundo a normativa aplicable e de acordo co convenio asinado.

No apartado segundo do citado informe expresase que o proposto, segundo establece o punto 8.3 da dita convocatoria, pode ser nomeado persoal funcionario en prácticas na categoría de vixiante municipal do concello de Rábade, mediante resolución da Alcaldía, que se publicará no Boletín Oficial da provincia que corresponda. Engade que a persoa así nomeada permanecerá na dita situación desde o comezo do curso selectivo ata que se produza o seu nomeamento como persoa funcionaria de carreira ou a súa exclusión do proceso. E que a partir do día seguinte ao da publicación da adxudicación da praza, a persoa á cal se lle adxudicase disporá dun prazo de cinco (5) días hábiles para a presentación ante o concello para os efectos que correspondan. En caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou concorrencia de calquera outra causa que impida o nomeamento dunha persoa aspirante como persoal funcionario en prácticas ou prive de eficacia o nomeamento xa realizado, o concello comunicará esta circunstancia á Dirección Xeral da Agasp, que substituirá a persoa afectada pola que figure na lista de reserva, sempre con anterioridade ao desenvolvemento do correspondente curso selectivo de formación.

Á vista do antes referido, con data 30 de xaneiro actual ditouse decreto da Alcaldía-presidencia de Rábade pola cal se RESOLVE:

PRIMEIRO. Nomear funcionario en prácticas para cubrir unha praza do Grupo C, subgrupo C2, Escala de administración especial, Subescala servizos especiais, Vixilante Municipal, ao aspirante que se indica:

DNI CIFRADO	APELIDOS E NOME
***0238**	Pérez Purriños, Miguel

O interesado deberá tomar posesión no prazo máximo de cinco días hábiles contado desde a publicación da presente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co establecido no correspondente procedemento de selección.

SEGUNDO: Publicar este nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de Edictos municipal, co réxime de recursos que proceda.

RECURSOS:

Este acordo pon fin á vía administrativa.

Contra el poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da data da súa notificación (artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común).

O recurso potestativo de reposición terá que resolverse e notificarse no prazo dun mes; porén, entenderase desestimado se transcorre este prazo sen que se lle notifique a resolución expresa (artigos 124.2 e 24.1 da dita Lei 39/2015).

Tamén poderá impugnarse este acordo alternativamente mediante a interposición dun recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da xurisdición contenciosa-administrativa, no prazo de dous meses

Anuncio publicado en: Num BOP 27 año 2024 (01/02/2024 08:00:00)

contados dende o día seguinte ao da súa notificación (artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).

Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse un recurso contencioso administrativo ante o órgano competente da xurisdición contenciosa-administrativa no prazo de dous meses, se a resolución fose expresa, ou no de seis meses se non o fose.

Este prazo computarase dende o día seguinte ao do que se notifique a resolución expresa do recurso potestativo de reposición ou dende o día en que deba entenderse presuntamente desestimado (artigo 46.1 e 4 da dita Lei 29/1998).

Non obstante, poderá utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.

Rábade 30 de xaneiro de 2024.- A Alcaldesa, Remedios González Cabarcos.

R. 0276

RIBADEO

Anuncio

Aprobado por Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 23 de xaneiro de 2024 o Padrón para o cobro conxunto das taxas por subministro de augas, recolleita de lixo e sumidoiros para o bimestre **SETEMBRO-OUTUBRO 2023**, expónse ao público a efectos de exame e reclamacións por prazo de 15 días hábiles, e queda aberto o prazo de cobro en vía voluntaria por prazo de 60 días a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no B.O.P.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga e coeficiente de vertedura directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga e coeficiente de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

Esta obriga aparece no artigo 49.7 do citado regulamento do canon da auga (Anexo do Decreto 136/2012)

Ribadeo, 23 de xaneiro de 2024.- O ALCALDE, Daniel Vega Pérez.

R. 0259

TABOADA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN FISCAL E DO PERÍODO EN VOLUNTARIA DA COBRANZA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE "ABASTECIMENTO DE AUGA, ACOMETIDAS E TRASPASOS DE TITULARIDADE" E DE "SUMIDOIROS" CORRESPONDENTES AO 2º TRIMESTRE DO 2023.

O Padrón fiscal da taxa de prestación do servizo "*Abastecemento de auga, acometidas e traspasos de titularidade*" e de "*Sumidoiros*" correspondentes ao 2º trimestre do 2023, foi aprobado por Resolución de Alcaldía de data **31 de decembro de 2023**.

O mencionado padrón expónse ao público nas oficinas da Casa do Concello polo prazo de 15 días, contado dende o seguinte ao da publicación no BOP do presente anuncio, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas (o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, que recolle o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes, contado dende o seguinte ao da finalización do período de exposición pública do mencionado padrón fiscal.

Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderase interpoñer, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo competente o recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación a dita resolución.

Se non recaera resolución no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do previsto no mencionado artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, produciranse os efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, se se considera conveniente, poderase empregar e exercer calquera outro recurso.

A publicación no BOP do presente anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O período de cobranza en voluntaria será o comprendido:

Padrón 2º trimestre de 2023 dende o día **5 de febreiro de 2024 ao 5 de abril de 2024** ambos os dous incluídos.

Os contribuíntes poderán efectuar o pagamento da débeda tributaria do seguinte xeito:

- a) Na entidade colaboradora Abanca, presentando o correspondente recibo.
- b) Os recibos domiciliados polos contribuíntes serán cargados directamente polas respectivas entidades bancarias.

Unha vez rematado o prazo de pagamento en voluntaria sinalado, os débitos non satisfeitos entrarán no período executivo, de acordo co establecido no artigo 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, percibíndose a recarga e xuros de demora establecidos nos artigos 26 e 28 da referida norma. Advírtese que a falta de pago do canon da auga en período voluntario en cumprimento do DECRETO 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais, supoñerá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de preša pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, deberá indicase que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

Taboada 29 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 0277

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN FISCAL E DO PERÍODO EN VOLUNTARIA DA COBRANZA DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO DO 2º SEMESTRE DE 2023.

O Padrón fiscal da taxa de prestación do servizo de recollida de lixo correspondente ao **2º semestre** do exercicio **2023** foi aprobado por **Decreto de Alcaldía de data 31.12.2023**.

O mencionado padrón expónse ao público nas oficinas da Casa do Concello polo prazo de un meses, contado dende o seguinte ao da publicación no BOP do presente anuncio, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas (o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, que recolle o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes, contado dende o seguinte ao da finalización do período de exposición pública do mencionado padrón fiscal.

Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderase interpoñer, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo competente o recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación a dita resolución.

Se non recaera resolución no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do previsto no mencionado artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, produciranse os efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, se se considera convinte poderase empregar e exercitar calquera outro recurso.

A publicación no BOP do presente anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O período de **cobranza en voluntaria** será o comprendido dende o día **5 de febreiro de 2024 ata 5 de abril de 2024**, ambos os dous incluídos. Os contribuíntes poderán efectuar o pagamento da débeda tributaria do seguinte xeito:

- a) Na entidade colaboradora Abanca, presentando o correspondente recibo.
- b) Os recibos domiciliados polos contribuíntes serán cargados directamente polas respectivas entidades bancarias.

Unha vez rematado o prazo de pagamento en voluntaria sinalado, os débitos non satisfeitos entrarán no período executivo, de acordo co establecido no artigo 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, percibíndose a recarga e xuros de demora establecidos nos artigos 26 e 28 da referida norma.

Taboada 29 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 0278

TRIACASTELA

Anuncio

Unha vez rendida a conta xeral para o exercicio 2022 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas na sesión do 28 de decembro de 2023, xunto co ditamen e documentos que a xustifican, expónse ao público na secretaría-intervención municipal por un prazo de quince días que se computaran a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Diario Oficial de Galicia, durante os cales os interesados poderán formular por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunas, tal e como se sinala no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Triacastela, 23 de xaneiro de 2024.- A Alcaldesa, M. Olga Iglesias Fontal.

R. 0260

XERMADE

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía de data 25/01/2024 aprobouse provisionalmente o padrón do imposto municipal das taxas de subministro de auga potable e recollida de lixo do 4º trimestre do 2023, e queda exposto ó público nas oficinas deste Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no BOP, a efectos de revisión ou reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se transcorrido dito prazo non houbera ningunha.

O prazo para o pago do citado imposto en período voluntario fíxase entre os días 1 de febreiro de 2024 e o 27 de marzo de 2024, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Contra as liquidacións incorporadas ó padrón tódolos interesados poderán interpor os recursos establecidos legalmente.

As repercusións do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario suporá a esixencia directamente ó contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Xermade, 25 de xaneiro de 2024.- O Alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0261

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

BASES REGULADORAS PARA LA CONCESIÓN DE AYUDAS ECONÓMICAS PARA MEJORAR LA EFICIENCIA ENERGÉTICA EN LOS HOGARES DE PERSONAS EN SITUACIÓN DE RIESGO Y/O EXCLUSIÓN SOCIAL DURANTE EL AÑO 2024

BDNS (Identif.): 741713

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/741713>)

Primero. Beneficiarios.

Podrán solicitar estas ayudas las personas residentes en el Ayuntamiento de Monforte de Lemos que los servicios sociales valoren que se encuentran en situación o riesgo de exclusión social que cumplan los requisitos de acceso establecidos en el punto 5º y las condiciones reguladas en las bases.

Segundo. Objeto.

Prestaciones económicas no periódicas destinadas a paliar situaciones transitorias de necesidad social relacionadas con el pago de suministros básicos de energía eléctrica, gas, gasoil de calefacción y otras fuentes de energía de la vivienda, de las personas y/o familias que se encuentren en una situación de vulnerabilidad social que tengan su residencia en el ámbito municipal de Monforte de Lemos con la finalidad de asegurar el

acceso continuado a estos suministros básicos promoviendo la mejora de la eficiencia energética y reforzando los procesos de inclusión social.

Tercero. Bases reguladoras

Podrán consultarse las bases de la presente convocatoria en la siguiente dirección: www.monfortedelemos.es en la sección de AYUDAS. Las solicitudes de ayuda se cubrirán a través del formulario normalizado accesible desde la sede electrónica del Ayuntamiento de Monforte de Lemos, <https://sede.monfortedelemos.es> y se presentarán preferiblemente por vía electrónica.

Cutro. Cuantía.

Para la financiación de esta ayudas se destina un crédito de 20.000,00 €

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes.

El plazo se abre a partir del día siguiente a la publicación de este extracto de la convocatoria en el BOP de Lugo y estará abierto hasta el 24 de diciembre de 2024.

MONFORTE DE LEMOS, 30 de xaneiro de 2024.- O ALCALDE, JOSÉ TOMÉ ROCA.

R. 0279